



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
estudos das
identidades

Viana VIII, 2, Fornelos, O Bolo

CD 200, 19 - 20

Elisardo 58 anos

Alfonso 65 "

VIII, 2,

- 2) Moito ben falar, Manolo,
Ela: mermo me deixas pasmada
pero como erés tan pillo
i-eu non che podo crer nada.
- 3) Pois pódemo crear, Carmiña,
El: que che teño tal cariño
que me morrerein de pena
se no te casas connigo.
- 4) Pois logo si non te cambias
Ela: e me teís tanto cariño
amareinte toda a vida
si é que sáler formaliño.
- 5) Nunca con outra me caso
El: xa que me queres, Carmiña,
mais pra min non hai descanso
hasta que tu seas miña.
- 6) Pois logo, meu Manoliño,
Ela: si [?] San Antenio
casarémonos agaña
pa gozar de matrimonio.

Dos mozos e dos mozas.

418.

20

- 1) Dos mocifios e <dúas> mozas
moito traigo que contar
que todos andan señores
¿ quen mais han d'engañar.
- 2) Empezarein por mozas
que son ar mais zalameras
que pra facerse bonitas
hasta pintan as orellas.
- 3) Pintan os ollos, as cellas,
parecen unha hermosura,
algunha leva na cara
cuatro quilor de pintura.
- 4) I ò que gastades en polvos,
en pintura, algodón
millor vos fora gastalo
en pastillas de xabón.

4

/das/



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
estudos das
identidades

Viana VIII, 2, Fornelos, O Bolo

CD 200, 26

Elisardo 58 anos
Alfonso 65 "

VIII, 2,

- 5) Todos cantos cartos xuntan
son pra modas e pra lujos,
pa facerse bóar mozas
a ver si encontran un burro.
- 6) Pois a que máis presuma
e a que queda solteira,
queda pa cócé-lor nabos
porque non hai quen a queira.
- 7) I aquela do chirlo mirlo,
logo lle medra a barriga,
o mozo que esto sabe
busca outra enseguida.
- 8) Com'òr gátor no xaneiro
andan tódor rabeados
cando lles cerran as portas
métense polos tellados.
- 9) Por eso, nenas solteiras,
con eso tade cuidado
que or mozos hox'en día
xa están mui desengañados.
- 10) E pra qu'as nenas non choren
e non marchen enfadadas
voulle a contar dor mozos
as súas falcatruadas.
- 11) Cuando van pa xunto ár nenas
xuran palabra de amor
así que logran a súa
marchan sin decir adiós.
- 12) Por eso, nenas solteiras,
con eso tade cuidado
que car modas que traedes
traédelor mareados.
- 13) De trancazos non falamos
por qu'hai algún borrachón
qu'en canto ve a taberna
cun pau bail'ò charlestón.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Viana VIII, 2, Fornelos, O Bolo

CD 200, 20

Elisardo 58 anos
Alfonso 65 "

VIII, 2,

14) I a pobre muller chorando, pol (e
morta del fam'ó traballo, nos
encima tén que levar a carrega
fréter de pau de carballo.

15) E si non queda contenta si (e
outra cousa máis lle fan a
qu' alá pola media noite
sin querer a fain bailar.

... e si non queda contenta si (e
outra cousa máis lle fan a
qu' alá pola media noite
sin querer a fain bailar.